

## MILEVA MARIC: NAI DA TEORÍA DA RELATIVIDADE?

Mileva Marić naceu no ano 1875 en Titel, Serbia. Desde ben pequena, destacou pola súa “sede de coñecemento e capacidade de observación”. Por este motivo, en 1892, o seu pai conseguiu unha autorización do Ministro de Educación para que Mileva puidese acceder a conferencias de física reservadas unicamente para homes. Pouco despois, en 1896, foi aceptada na Escola Politécnica de Zúrich e trasladouse a Suíza para estudar a carreira de Matemáticas e Física nunha das poucas universidades europeas que admitía mulleres.

Foi precisamente nesta universidade onde coñeceu a Einstein. En pouco tempo, a súa relación evolucionou tanto no ámbito amoroso como intelectual. Compartían paixón pola física, a música e a investigación, polo que comezaron a colaborar en teorías físicas. En 1901 a súa brillante carreira trunouse porque quedou embarazada e non puido asistir aos exames finais.

Dous anos máis tarde, Mileva e Einstein casaron. El traballaba nunha oficina de patentes en Berna e ela coidaba os fillos e filla e o fogar. Polas noites, reuníanse na cociña e estudaban e desenvolvían as teorías que comezaran xa na universidade. A partir desta época, Einstein comezou a publicar artigos que revolucionaron a física en revistas científicas.

Con todo, a medida que Einstein gañaba recoñecemento, o seu matrimonio deteriorábase porque este mantiña relacións con outra muller. Cando Mileva se enterou, el impuxo unha serie de condicións para seguir casados: “Terás que encargarte de que a miña roupa estea ordenada e de que me sirvan tres comidas ao día ou renunciarás a toda relación persoal comigo”. Ela rexeitou esas condicións e divorciáronse en 1919.

Como consecuencia, Mileva tivo que criar os tres fillos soa e afrontar grandes dificultades económicas que sorteou dando clases particulares de ciencias. Aínda que, grazas a un acordo de divorcio, recibiu parte do Premio Nobel que lle deron a Einstein por esta teoría, ela nunca tivo recoñecemento significativo pola súa carreira científica e faleceu en 1948.

Nos anos 80, saíron á luz unha serie de cartas que se escribiron cando convivían e investigaban e comezou un debate sobre a coautoría de Mileva na Teoría da relatividade. Nelas, ambos falaban en plural de “o noso traballo”, “o noso artigo”... Incluso en 1901, o científico faláballe á súa esposa de “a nosa teoría do movemento relativo”. Tamén apareceu outra carta na que Mileva lle dicía a unha amiga: “Hai pouco rematamos un traballo que fará mundialmente famoso ao meu marido”.

Ademais das cartas, existen numerosas probas e evidencias de que Marić foi coautora de moitos traballos de Einstein. Por iso, aínda que actualmente este debate segue aberto, cada vez hai máis científicos que defenden o relevante papel de Mileva nestes avances científicos atribuídos só a el.

En calquera caso, máis alá do grao de colaboración que se puidese dar entre Mileva Marić e Albert Einstein, é imprescindible dar a coñecer a súa figura e reivindicar, ante todo, a súa importancia como matemática e física na historia da ciencia.

FONTE: [Mileva Marić. ¿fue la madre de la teoría de la relatividad?](#)